

V SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

ASOCIACIONISMO MARINERO,
REPRESIÓN FRANQUISTA
E RESISTENCIA DEMOCRÁTICA

RIANXO – NOIA – O SON – OROSO – MESIA – CURTIS

30 e 31 de maio, e 1 de xuño de 2014



IES FELIX MURIEL
RIANXO





V SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO, REPRESIÓN FRANQUISTA E RESISTENCIA DEMOCRÁTICA”
Rianxo-Noia-Porto do Son-Oroso-Mesía-Curtis. 30 e 31 de maio, e 1 de xuño de 2014

XUSTIFICACIÓN

A convocatoria do Seminario pretende suxerirles aos asistentes una reflexión sobre o fenómeno do asociacionismo mariñeiro e da guerrilla antifranquista que posibilite un mellor coñecemento do noso pasado máis recente. Tal pretensión arela provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre o asociacionismo mariñeiro e a guerrilla antifranquista contribúa, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, sen perder nunca a consciencia de cales son os dereitos e as obrigacións de cadaquén.

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

1. Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos do asociacionismo mariñeiro e a guerrilla en Galicia.
2. Distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días.
3. Coñecer a historia do asociacionismo dos pescadores na Galicia.
4. Situar estes procesos históricos no contexto de Galicia e do Estado.
5. Estudar e analizar diferentes aspectos básicos da evolución histórica de Galicia.
6. Facilitar ao alumnado, profesorado e persoas interesadas, o estudo do asociacionismo dos pescadores e a guerrilla.
7. Contribuír ao desenvolvemento dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa democracia e os dereitos humanos.
8. Contribuír á consolidación de actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de Estado.



V SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO, REPRESIÓN FRANQUISTA E RESISTENCIA DEMOCRÁTICA”
Rianxo-Noia-Porto do Son-Oroso-Mesía-Curtis. 30 e 31 de maio, e 1 de xuño de 2014
PROGRAMA

VENRES, 30 DE MAIO

Tarde. INSTALACIÓNS DO IES “FELIX MURIEL” – RIANXO

Sesión 1

HORA	CONTIDO
16:30 h.	RECEPCIÓN E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN
17:00 h.	
17:00 h.	INAUGURACIÓN DO SEMINARIO
17:15 h.	
17:15 h.	PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL “O BARCO DA MEMORIA”, de Marcos Gallego
18:15 h.	
18:15 h.	DESCANSO
18:30 h.	
18:30 h.	CONFERENCIA INAUGURAL E COLOQUIO
20:30 h.	“O ASOCIACIONISMO DOS MARIÑEIRO GALEGOS” Dionísio Pereira González , historiador, especialista no movemento obreiro en Galicia Eliseo Fernández Fernández , historiador, especialista no movemento obreiro en Galicia
22:00 h.	CEA COLECTIVA

SÁBADO, 31 DE MAIO

Mañá. GALEÓN “JOAQUÍN VIETA” – PORTOSÍN

NOIA

Sesión 2:

09:00 h.	TRASLADO A PORTOSÍN
10:00 h.	
10:00 h.	<u>GRUPO 1. GALEÓN “JOAQUÍN VIETA”</u>
12:00 h.	<u>Traballo de campo.</u> “LUGARES DA RÍA DE MUROS RELACIONADOS COA REPRESIÓN” Dionísio Pereira González , historiador, especialista no movemento obreiro en Galicia Eliseo Fernández Fernández , historiador, especialista no movemento obreiro en Galicia
	<u>GRUPO 2. NOIA</u>
	<u>Traballo de campo.</u> “AS ‘LAUDAS GREMIAIS’ DE NOIA E LUGARES RELACIONADOS CO ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO” Xerardo Agrafoxo Pérez , historiador Pedro García Vidal , historiador Concha Allut Vidal , técnica de cultura do concello de Noia
12:00 h.	<u>GRUPO 2. GALEÓN “JOAQUÍN VIETA”</u>
14:00 h.	<u>Traballo de campo.</u> “LUGARES DA RÍA DE MUROS RELACIONADOS COA REPRESIÓN” Dionísio Pereira González , historiador, especialista no movemento obreiro en Galicia Eliseo Fernández Fernández , historiador, especialista no movemento obreiro en Galicia
	<u>GRUPO 1. NOIA</u>
	<u>Traballo de campo.</u> “AS ‘LAUDAS GREMIAIS’ DE NOIA E LUGARES RELACIONADOS CO ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO” Xerardo Agrafoxo Pérez , historiador Pedro García Vidal , historiador Concha Allut Vidal , técnica de cultura do concello de Noia



V SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO, REPRESIÓN FRANQUISTA E RESISTENCIA DEMOCRÁTICA”
 Rianxo-Noia-Porto do Son-Oroso-Mesía-Curtis. 30 e 31 de maio, e 1 de xuño de 2014

14:00 h. XANTAR DE CAMPO
 16:00 h. TRASLADO A RIANXO

Tarde. CASA-MUSEO DE MANUEL ANTONIO – RIANXO

Sesión 3:

16:00 h. **CONFERENCIA-COLOQUIO**
 17:00 h. “A GUERRA CIVIL E REPRESIÓN DOS MARIÑEIRO NO BARBANZA”
Xesús Costa Rodil, mestre e historiador
Xesús Santos Suárez, escolante e historiador

17:00 h. **VISITA Á CASA-MUSEO DE MANUEL ANTONIO**
 17:30 h. **Xesús Costa Rodil**, mestre e historiador
Xesús Santos Suárez, escolante e historiador

17:30 DESCANSO
 17:45

17:45 h. **Traballo de campo.** “A XEITEIRA DE RIANXO. LUGARES RELACIONADOS CO ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO”
 20:00 h. **Xesús Costa Rodil**, mestre e historiador
Xesús Santos Suárez, escolante e historiador

22:00 h. CEA COLECTIVA

DOMINGO, 1 DE XUÑO

Mañá. CENTRO CULTURAL “FERNANDO DE CASAS E NOVOA” – SIGÜEIRO (OROSO)

Sesión 4:

10:00 h. **CONFERENCIA-COLOQUIO.**
 11:00 h. “A RESISTENCIA ANTIFRANQUISTA EN MESIA E CURTIS: OS FOUCELLAS”
Manuel Pazos Gómez, investigador, activista do *Obradoiro da Historia*

11:00 h. **RECEPCIÓN EN SIGÜEIRO (acto de clausura)**
 11:30 h.

11:30 h. **Traballo de campo.** “A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA. ROTEIRO POLA COMARCA SIGÜEIRO – MESIA – CURTIS”
 14:00 h. **Manuel Pazos Gómez**, investigador, activista do *Obradoiro da Historia*

14:00 h. XANTAR DE CAMPO

Tarde.

Sesión 5:

16:00 h. Asemblea de campo:
 18:00 h. **AVALIACIÓN DO SEMINARIO, CONCLUSIÓNS E CLAUSURA**

O Seminario contará coa presenza activa, salvo causas de forza maior, do ex-guerrilleiro **Francisco Martínez López, Quico**, ademais de **Fernanda Cedrón**, neta do *Gardarríos*, e **Víctor García**, fillo do *Brasileiro*. Estará presente tamén o macedonio **Xulio Patachiuta**, preso en diferentes campos de concentración nazis, e **Montse Fajardo** autora de *Matriarcas*.



V SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO, REPRESIÓN FRANQUISTA E RESISTENCIA DEMOCRÁTICA”
Rianxo-Noia-Porto do Son-Oroso-Mesía-Curtis. 30 e 31 de maio, e 1 de xuño de 2014

CUSTO DA MATRÍCULA

(A matrícula inclúe os traslados en autobús e os xantares de campo)

Ata o 25 de maio de 2014:

Socios/as de Nova Escola Galega: 30 euros.

Estudantes e parados/as: 40 euros (é precisa xustificación documental).

Cota ordinaria: 60 euros.

A partir do 26 de maio de 2014:

Socios/as de Nova Escola Galega: 40 euros.

Estudantes e parados/as: 50 euros (é precisa xustificación documental).

Cota ordinaria: 70 euros.

FORMA DE PAGAMENTO

Transferencia bancaria á conta de Nova Escola Galega en NOVAGALICIA BANCO

nº de conta: ES7720800300853040089500

INSCRICIÓN

Achega da ficha de inscrición xunto co xustificante do pagamento

A ficha de inscrición pode atoparse na páxina web de Nova Escola Galega (www.nova-escola-galega.org)

ALOXAMENTO EN RIANXO

Hostal “O Portiño” 981 866 543 33 € dobre, aprox.

Casa Antiga de San Xosé 981 860 132 25 € individual / 50 € dobre, aprox. (<http://casaantiguadesanjose.blogspot.es>)

Casa Isolina – Taragoña 981 861 960 30 € individual / 60 € dobre, aprox. (<http://www.isolina-turismo.com>)

Casa Pachín – Taragoña 981 861 211 20 € individual / 40 € dobre, aprox. ([ligazón](#))

ORGANIZAN

DEPARTAMENTO DE CCSS DO IES “FÉLIX MURIEL” – RIANXO

DEPARTAMENTO DE CCSS DO IES MELIDE

NOVA ESCOLA GALEGA

INSTITUTO GALEGO DE HISTORIA (IGALHIS)

CONTACTOS

Nova Escola Galega

Tfno/Fax: 981 562 577

neg@mun-do-r.com

www.nova-escola-galega.org

COLABORAN

CONCELLO DE RIANXO

CONCELLO DE MESÍA

CONCELLO DE NOIA

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

ASOCIACIÓN CULTURAL BARBANTIA

CONCELLO DE OROSO

CONCELLO DE PORTO DO SON






A.C. “MESTRE MANUEL GACIO”

MURGUÍA, REVISTA GALEGA DE HISTORIA

...




V SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO, REPRESIÓN FRANQUISTA E RESISTENCIA DEMOCRÁTICA”
 Rianxo-Noia-Porto do Son-Oroso-Mesía-Curtis. 30 e 31 de maio, e 1 de xuño de 2014

	<p>DIONÍSIO PEREIRA GONZÁLEZ Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballa como profesor de Ensino Medio. Xunto con A. Martínez, Manuel González Probados e X. Castro formou o Colectivo de <i>Historia xerminal</i>. En 1994 foi elixido primeiro presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, nacida o ano anterior en Ribeira. Entre 2006 e 2013 participou no proxecto <i>Nomes e Voces</i> da USC.</p> <p>No ano 2007 viuse envolto nun proceso xudicial a raíz dunha denuncia de familiares de Manuel Gutiérrez Torres, alcalde de Cerdedo desde 1950 e xefe local da Falanxe nos días posteriores ao golpe militar que iniciou a Guerra Civil. Esixíasele a Dionisio Pereira que se retractase dunha frase publicada no libro <i>A IIª República e a Represión franquista no Concello de Cerdedo</i> (2006): "Persoas sinaladas pola súa presunta participación en diversas manifestacións da represión: Angel, Luis e Manuel Gutiérrez Torres (xefe da Falange, alcalde de Cerdedo nos anos 40 e 50), Eligio e Francisco Nieto (falanxistas)..."</p> <p>Malia que utilizou a palabra "presunto", e que tiña diversas fontes que corroboraban o dito, e malia que recibiu múltiples manifestacións de apoio, a familia do falanxista decidiu seguir adiante coa denuncia, que finalmente se viu desestimada polo Tribunal, sentando un importante precedente e deixando claro que o historiador contaba con fontes sólidas que apoiaban o seu estudo.</p>
	<p>ELISEO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ Diplomado en Biblioteconomía e Documentación, é membro e colaborador do <i>Ateneu Libertario Francisco Iturralde</i> de Ferrol, e do <i>Ateneu Libertario Ricardo Mella</i> da Coruña. Colaborou coa Fundación <i>Aurora Intermitente</i> de Madrid, na clasificación dos seus fondos hemerográficos e arquivísticos, así como coa Fundación <i>Anselmo Lorenzo</i> de Madrid, na catalogación dos seus fondos hemerográficos. Entre as súas áreas de interese están o anarquismo e anarcosindicalismo en Galiza, os anarquistas galegos na emigración e o exilio, e as bibliotecas obreiras.</p>
	<p>XESÚS COSTA RODIL Mestre xubilado e historiador. Nado no Concello de Cervo, na Mariña luguesa; rianxeiro tamén por vontade dende hai máis de trinta anos. Licenciado en Filosofía e Letras, é autor de diferentes obras de temática histórica. Membro da Asociación <i>Barbantia</i>, participou no seu primeiro 'Anuario de Estudos' e na publicación colectiva, número dous da biblioteca <i>Barbantia, Voces na guerra</i>. É coautor de varios libros sobre a Guerra Civil en Galicia, realizando unha análise dos campos de concentración franquistas de prisioneiros republicanos.</p>
	<p>MANUEL PAZOS GÓMEZ naceu na parroquia de Marzoa, concello de Oroso (A Coruña). Diplomado en Maxisterio pola Universidade de Santiago de Compostela, seguiu estudos de Historia e de Animación Cultural. É un dos fundadores e principal activista da Asociación Cultural <i>Obradoiro da História</i> (Ordes, 1996). Autor de varias publicacións, folletos e artigos que versan sobre Historia Local, tamén dun libro de ficción baseado en feitos reais acaecidos durante os primeiros anos da ditadura franquista.</p> <p>Participou como relator en numerosas xornadas, seminarios, congresos... e deu charlas en varios centros de ensino medio. Asesorou e informou en temas de historia e patrimonio a particulares, estudantes, investigadores, institucións... Está considerado como un dos máis destacados investigadores da Arqueoloxía, Etnografía, Memoria Histórica e Historia Oral da comarca de Ordes.</p>
	<p>FRANCISCO MARTÍNEZ LÓPEZ "QUICO". Naceu no 1925 en Cabañas Raras. Neste lugar do Bierzo creceu no seo dunha familia campesiña, e desde os 17 anos colabora coa oposición antifranquista. Posteriormente súmase aos grupos guerrilleiros que se enfrontaron coas armas á ditadura.</p> <p>Na clandestinidade armada desde 1947, foi membro da mítica guerrilla de Manuel Girón, que mantivo entre Galiza e León unha inxente actividade de combate e propaganda até o ano 1951 no que, nunha evasión chea de perigos, consegue penetrar en Francia, país onde se exilia e continúa as súas actividades antifranquistas.</p> <p>Na actualidade dedícase a dar conferencias, e escribir as súas memorias.</p>



V SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO, REPRESIÓN FRANQUISTA E RESISTENCIA DEMOCRÁTICA”
Rianxo-Noia-Porto do Son-Oroso-Mesía-Curtis. 30 e 31 de maio, e 1 de xuño de 2014



XESÚS SANTOS SUÁREZ. Nado no 1936, Xesús Santos é o que podemos chamar un polígrafo. O mesmo lle peta á poesía que investiga sobre historia local de Rianxo ou de Galicia; leva no teatro *Airiños*, o decano de Galicia, moitos anos, é actor, escribe ensaio, participa en varias asociacións culturais relevantes... concedéronlle o *Sireno á traxectoria cultural* desde a Asociación Barbantia, que el axudou a fundar. É coautor, con Xesús Costa, de varios libros sobre os campos de concentración na zona do Barbanza durante a Guerra Civil.